

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DÍA 14/10/2019
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 14/10/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07-oct-2019, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/4703

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 14 de outubro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 14 de outubro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) **PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE LIMITES
ARIDOS DEL UMIA, S.A.	A36002558	873,38 €	14/10/2019	SI
CONSER FOMENTO GESTIÓN DE SERVICIOS, S.L.	B36978187	4.187,04 €	14/10/2019	SI
GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	35449729J	1.742,40 €	14/10/2019	SI
SANTOS BOVEDA, Mª DOLORES	35458727H	225,00 €	14/10/2019	SI
TROQUIÑA, S.L.	B36268217	999,00 €	14/10/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4643

Dáse conta de informe da Policía Local dando conta dos controis de velocidade realizados no primeiro trimestre deste ano, sendo as rúas nas que se detectaron maior número de infraccións

Rúa Valle Inclán, Rúa Víctor Pita e Rúa Arealonga, en tramos de limitación a 30 km/h.
En número absolutos as rúas de maior número de infraccións detectadas foron Rúa Montiño (196 infraccións) e Rúa Valentín Viqueira (145 infraccións).
As velocidades máis elevadas detectáronse na Rúa Montiño, por circular un vehículo a 105 km/h.e en Avda. de Cornazo, por circular a 102 km/h en lugar limitado a 50 km/h.
Os lugares elixidos son aqueles nos que se producen mais sinistros ou nos que se reciben queixas veciñais polas situacións de perigo.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4644

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Troquiña SL para o subministro dunha desbrozadora Stihl modelo FS 460 C-EM para realizar as tarefas propias do Servizo, para substitución da que foi substraída en Trabanca Badiña, por un importe total de 999,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4646

Dáse conta do escrito presentado por D. Xosé Torres Romar, en representación de Asociación Galega de Apicultura, solicitando autorización para utilizar a Praza da Peixaería, do 22 ao 24 de novembro, co fin de levar a cabo a “II APISALNES - Feira do mel do Salnés”.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.
Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.
Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.
As portas centrais na fachada leste (Avda. Mariña) deben estar permanentemente bloqueadas en posición de apertura completa.
Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.
Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2019/4648

Dáse conta do escrito de Portos de Galicia, solicitando documentación para facturación Taxa CIS ano 2019, consistente en detalle dos ingresos do ano 2018, afectos á concesión da explotación do edificio para centro cultural veciñal da parroquia de Sobrán situado en terreos portuarios, así

como a documentación xustificativa dos ingresos e declaración xurada do importe de ingresos afectos á concesión. Así como contas do ano 2018 ou imposto de sociedades.

Pola Xunta de Goberno Local, faise constar que a maior parte do edificio está dedicado ao almacenaxe de embarcacións e adestramento do remo, e a parte restante na que existe unha cantina non está explotada polo Concello, polo que carece de datos sobre os ingresos. A Xunta de Goberno acorda remitir o escrito de Portos de Galicia a Asociación de Veciños de Vilaxoán.

PRP2019/4649

Dáse conta do escrito presentado por D. Juventino Diz Hermida en relación co conflito existente na numeración das Rúas Corvo e Cubela e solicita unha solución ao problema existente.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica:

- Unha vez comprobado in situ a situación das Rúas do Corvo e Cubela (parroquia de Cornazo) e ante as posibles duplicidades de numeración e queixas veciñais e de persoal da Administración de Correos, faise a seguinte proposta, que se detalla:

1.- Sería conveniente que se colocaran carteis de "Rúa do Corvo" nas interseccións da Avda. Agustín romero coa citada Rúa do Corvo, e desta coa Rúa Do Souto, de conformidade co plano anexo ao informe.

2.- Na Rúa Cubela faría falta un cartel de Rúa Cubela na intersección coa Rúa do Corvo.

3. A referida Rúa Cubela sería toda a parte sinalada no plano, quedando pendente a resinalización do tramo que se indica dos números impares 21 ata a intersección coa Rúa do Corvo.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización das Rúa Corvo e Cubela de conformidade co plano anexo ao informe da Policía Local, renumerando dúas vivendas.

Comunicar o presente acordo ao Sr. Diz Hermida.

Dar conta á Policía Local, Estatística e Servizo de Sinalización achegando os planos anexos ao informe da Policía Local.

PRP2019/4650

Dáse conta do escrito presentado por D. Sergio Cores Acha solicitando a colocación de cartel de sinalización da Rúa Nogueira, no tramo comprendido entre as confluencias coas Rúas Limoeiro e Asuín.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación do cartel de sinalización da Rúa Nogueira.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4651

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Fernández García, en representación de Talleres Fernández García SL solicitando a colocación de sinalización vertical indicando a posibilidade de xiro á esquerda na N-640A, á altura da Nave Industrial de BAYGAR, así como a mellora da sinalización horizontal existente na estrada.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se trata unha estrada de titularidade estatal, polo que corresponde a sinalización ao Ministerio de Fomento.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar á Unidade de Estradas do Ministerio de Fomento en Pontevedra para que procedan á sinalización vertical e mellora da sinalización horizontal na intersección da N-640A e o acceso a Rubiáns de Arriba.

PRP2019/4652

Dáse conta da queixa presentada por D. Ramiro Iglesias Santiago en relación co risco existente no lugar onde o autobús escolar deixa aos alumnos procedentes do Instituto Armando Cotarelo Valledor, na Rúa Oito de Marzo, nun tramo curvo con pouca visibilidade e sen paso de peóns.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada a correspondente comprobación e feitas as xestións ante a Empresa concesionaria do servizo, indica que a día de hoxe se comproba que a parada xa se realiza novamente fronte á marquesiña existente na confluencia das Rúas Oito de Marzo coa Rúa da Pena, lugar fixado como parada de dita liña escolar.

PRP2019/4653

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Belen Raposo Pérez, en representación de Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Guillán, comunicando a existencia de dous posibles asentamentos nas inmediacións da Rúa Xiabre, en dúas fincas, unha propiedade da Comunidade de Montes e outro nunha finca de propiedade privada.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na Rúa Xiabre, a carón do número 31 A se atopan aparcados un turismo e dous camións, un deles como se fose para vivenda, nunha finca particular.

Así mesmo observan que na finca hai unha columna de bloques de formigón cun poste de formigón que ten enganche a enerxía eléctrica e contador eléctrico conectado, figurando o terreo a nome de herdeiros de D. Juan Lois Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar aos Herdeiros de D. Juan Lois Rodríguez que deberán manter a parcela en condicións de seguridade e salubridade.

PRP2019/4654

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Aridos del Umia SAU para o subministro de formigón para reparación de tubaxe de pluviais en Renza, por un importe total de 873,38 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4682

Dáse conta da sinatura do Convenio nominativo entre o Concello e a Fundación Galega contra o Narcotráfico, por un importe de 1.500 € con cargo á partida 231.48002, co obxecto de subvencionar o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á prevención e sensibilización no ámbito da accións e drogodependencias durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2019/4702

Dáse conta da sinatura do Convenio nominativo entre o Concello e a Fundación Asilo Hospitalillo Residencia Divina Pastora, por un importe de 15.000 € con cargo á partida 231.48002, co obxecto de subvencionar o desenvolvemento de actuacións de actividades e actuacións no marco da atención a persoas maiores e/ou dependentes na Residencia Fundación Asilo

Hospitalillo Divina Pastora durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2019/4704

Dáse conta da sinatura do Convenio nominativo entre o Concello e a Entidade AFASAL, por un importe de 500,00 € con cargo á partida 231.48002, co obxecto de subvencionar o desenvolvemento de actuacións e atencións a persoas con enfermidades neurodexenerativas, e especialmente coa enfermidade de Alzheimer e a súa contorna durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2019/4705

Dáse conta da sinatura do Convenio nominativo entre o Concello e a Asociación Con Eles, por un importe de 2.500 € con cargo á partida 231.48002, co obxecto de subvencionar o desenvolvemento de actividades realizadas dende o Centro destinadas a persoas en situación de discapacidade durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2019/4694

Dáse conta da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 18 de setembro de 2019, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a subvención de parte dos custos salariais dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local para o exercicio de 2019.

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

1º.- Aprobar a solicitude dunha subvención, á Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo 35% dos custos laborais totais, por un importe total de 15.072,62 €.

2º.- Facer constar que o Concello financiará a parte dos custos non subvencionada por esta Consellería que ascende á cantidade de 27.992,02 €, sendo o custe total de 43.064,64 €.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/4698

Vist a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente a unha actividade de contacontos impartido por Dona María Dolores Santos Bóveda, con motivo da celebración do "Día da Biblioteca", o 24 de outubro, por un importe total de 225,00 €, con cargo á partida 3321.22609.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

SANIDADE

PRP2019/4683

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o

orçamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicais), por un importe total de 1.742,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 338.22609 para a realización de diversas actuacións musicais o día 1 de novembro (Día de Tódolos Santos), en sesións de mañá e tarde nos Cemiterios de Rubiáns, Vilaxoán e Carril.

Que polos Servizos de Obras e Electricidade se proceda a realizar as instalacións precisas nos citados ceiterios para o desenvolvemento da actividade.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/4685

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención do Fondo de Compensación Ambiental, na súa natureza Non Competitiva, por importe de 12.176,37 € para o proxecto denominado “Mellora do Bombeo e Impulsión de augas residuais e conexión de colector no Sobreiral-Cea), facendo constar:

Primeiro: O importe total da subvención destinouse á finalidade para a que foi concedida.

Segundo: Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:

ACREEDOR	NºFRA.	CONCEPTO	IMPORTE	DATA EMISIÓN	DE	DATA DE RECOÑECIMENTO DA OBRIGA
ESPINA & DELFIN SL	S 1874	Mellora Bombeo en Rúa Sobreiral - Cea	75.237,85 €	08/07/2019		02/09/2019

PRP2019/4686

Dáse conta de proposta da Concellería de Medio Ambiente de concesión de axudas á Comisión de Montes en Man Común da Parroquia de Bamio, en relación co programa de Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2019, no que se indica:

- Na Xunta de Goberno Local de data 18 de setembro de 2019 acordouse conceder unha axuda á CMMVVMC de Bamio por importe de 8.000 €.

- Na Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2019 acordouse conceder unha axuda á Comunidade de Montes Veciñais de Fontecarmoa, por importe de 6.497,60 €.

- Na Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2019 acordouse conceder unha axuda á Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vilagarcía de Arousa, por importe de 66.637,65 €

O total das axudas concedidas ata o día da data ascende a 81.135,25 € quedando un remanente na partida orzamentaria 170.489 de 3.864,74 €.

Tendo en conta que o proxecto presentado pola CMMVVMC de Bamio non foi subvencionado polo 100% do seu importe, a Xunta de Goberno Local acorda conceder á CMMVVMC de Bamio unha subvención por importe de 736,00 e, con cargo á partida 170.489 co fin de subvencionar a totalidade da contía solicitada no seu día, reintegrando o sobranse, por importe de 3.128,74 €, a partida orzamentaria de orixe.

TURISMO

PRP2019/4700

Vista a proposta das Concellerías de Cultura e Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa do convenio asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia, ABANCA e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que a Axencia de Turismo de Galicia aportaría a cantidade de 25.000 € e ABANCA 5.000 € para os gastos das Festas de San Roque 2019, coa seguinte previsión:

ORZAMENTO

CONCEPTO	IMPORTE
Concertos	48.000 €
Animación infantil	9.000 €
Son e iluminación	7.000 €
Promoción e difusión	6.000 €
TOTAL	70.000 €

Neste ano, no marco do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero, tamén foi incluído no convenio unha subvención de 5.000 € destinada á posta en marcha da campaña “AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual”, co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Aluguer de caseta	1.000 €
Informadores/as (gts. de persoal ou convenio cunha asociación)	1.800 €
Edición de material	1.000 €
Bombonas de helio	300 €
Publicidade	900 €
TOTAL	5.000 €

A Xunta se Goberno Local acorda aprobar a citada conta xustificativa, facendo constar:

1º Cumpríuse a finalidade da subvención xa que foron contratadas as actuacións musicais de VICTOR MANUEL, que actuou o día 23/08/2019; para a animación infantil, realizouse o o DESFILE DE CARROZAS; foi preciso facer a montaxe de equipos de son e iluminación parra a celebración dos diferentes concertos e outros espectáculos programados; e foron contratados diversos espazos publicitarios en diferentes medios de comunicación para lograr a maior difusión e promoción das festas. A campaña AGRESIÓN OFF, "Eu digo non á violencia" foi realizada mediante a instalación dun Punto Lila, do 15 ao 18 e do 22 ao 23 de agosto.

2º Os distintos conceptos e contías das Festas de San Roque 2019 son:

DATA FACTURA	Nº FACT	DATA RECOÑ	IMPORTE	NIF	ACREEDOR	Texto Explicativo
26-08-2019	EMIT 74	29-08-2019	40.145,00	B804454424	ION MÚSICA, D.L.	Concierto de Vitor Manuel
26-08-2019	EMIT000061	02-09-2019	14.250,00	B32425654	OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	Aluguer 8 carrozas
26-08-2019	19.343	06-09-2019	17.972,76	B94119104	GLOBAL SETUP, S.L.	Montaxe de son e iluminación
31-08-2019	01 19001438 00101-	23-09-2019	387,20	A36005346	RADIO PONTEVEDRA, S.A.	Anuncios Festas de San Roque
31-08-2019	EMIT 69	23-09-2019	1.089,00	B70210307	BALSA PUBLICIDAD, S.L.	Anuncios TVG-Desconexión PO
31-08-2019	2191046288	23-09-2019	871,20	A28782936	UNIPREX, S.A.U.	Anuncios Pontevedra OCR
10-09-2019	A2019/a/275	23-09-2019	726,00	B36223600	TELEV. MANCOMUN. SALNÉS,	Camapaña Festas San Roque

					S.L.	
31-08-2019	P190009034	23-09-2019	121,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	Módulo Festas San Roque
31-08-2019	2019/0002797	23-09-2019	517,88	A36600815	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidade Festas
31-08-2019	078020294	23-09-2019	749,47	A28281369	RADIO POPULAR, S.A.	Publicidade Festas
31-08-2019	2019/0002924	23-09-2019	559,02	A36600815	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidade Festas
31-08-2019	P190009035	23-09-2019	1.216,05	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	Módulo Festas San Roque
TOTAL			78.604,58			

Dos 78.604,58 € aos que ascenden estas actuacións, 25.000 € foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia, 5.000 € por ABANCA. Os restantes 48.604,58 € resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2019 do Concello de Vilagarcía de Arousa..

Campaña AGRESIÓN OFF

Os distintos conceptos e contías son:

DATA FACTURA	Nº FACT	DATA RECOÑ	IMPORTE	NIF	ACREEDOR	Texto Explicativo
19-08-2019	19-015	09-09-2019	1.260,00	G36455863	ASOC PROF AXENTES DE IGUALDAD. GALEGA	3 Técnicos no Pto. Lila
23-08-2019	22	09-09-2019	2.447,73	35443149b	OZORES NÚÑEZ, M. NIEVES	Rotulación Caseta. Helio
02-09-2019	Emit 32	07-10-2019	199,65	B94177573	ALYSER SALNES, S.L.	Aluguer caseta do 22-23/08
02-09-2019	Emit 33	07-10-2019	199,65	B94177573	ALYSER SALNES, S.L.	Aluguer caseta do 15-18/08
27-08-2019	Emit 5	23-09-2019	740,00	G94133907	O SOÑO DE LILITH	Reparto de publicidade
TOTAL			4.847,03			

Os 4.847,03 € aos que ascenden esta actuación foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/4695

Dáse conta da sinatura do contrato entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Dona Consuelo Vicente Ameal, en representación da Entidade CULTURACTIVA S.Coop Galega, para o desenvolvemento do programa sobre a presenza da Muller na Creación cultural, que inclúe dúas actuacións artísticas, unha da actriz Isabel Risco e outra da fanfarria musical Brassica Rapa, por un importe total de 2.299,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA

PRP2019/4687

Vista a solicitude de D. Alfonso Diz Villar, Xefe do Servizo de Anestesia, Reanimación e Tratamento da Dor do Hospital do Salnés, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias e Seminarios 1 e 2 do Auditorio Municipal, os días 7, 8 e 9 de novembro de 2019, durante todo o día, con motivo da celebración da XXIV Reunión da Sociedade Galega da Dor e Coidados Paliativos, dirixida a todos os profesionais que desenvolven a súa labor no ámbito do tratamento de pacientes con dor e coidados paliativos, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento

das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/4688

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación para a posterior sinatura dos contratos coas distintas compañías teatrais dentro da programación do 2º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2019, con un importe a asumir polo Concello con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

COMPAÑÍA	CIF	ESPECTÁCULO	DIA	IMPORTE
Mala Sombra Producións SL	B-70195722	Bernarda	19-10-2019	3.291,00 €
Chévere Producións SL	B-15636517	Anatomía dunha Serea	16-11-2019	2.178,00 €
Contraproduccións SL	B-70217336	O Electo	23-11-2019	3.751,00 €
Os Minicreques de KuKas - KuKas Producións Artísticas SL	B-15361249	Arlequina	15-12-2019	4.500,00 €

PRP2019/4689

Vista a solicitude de D. José Álvarez Domínguez, en representación de Asociación Coro Liceo de Vilagarcía e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 15 de novembro de 2019, para a celebración dunha Gala Lírica de música Galega e Grandes Coros de Ópera, dentro dos actos do ANO GAOS debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

. O prezo das entradas será de 5,00 € - Zona A; 4,00 € - Zona B e 3,00 € -Zona C, que serán vendidas a través da canle Ticketea.com e a recadación da súa venda para a entidade organizadora.

PRP2019/4690

Vista a solicitude de D. Lluís Rovira Yagüez, en representación de TranseducaAcció Educativa SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 12 e 20 de novembro de 2019, durante todo o día, para a representación dos espectáculos dirixidos a centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria: Fuente Ovejuna e El Monstruo de Colores, debendo asegurarse do cumprimento das

normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

. O prezo das entradas será de 6,20 € para todas/os alumnas/os e a recadación da súa venda para a entidade organizadora.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DÍAS-HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE
Salón de Actos do Auditorio	2 días	264,70 €	529,40 €
Responsable de Sala	7 Horas (estimativas) x 2 días = 14 horas	10,20 €	142,80 €
1 operario	7 horas (estimativas) x 2 días = 14 horas	10,20	142,80 €
TOTAL			815,00 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2019/4691

Vista a solicitude de D. José Luis Sanz Acosta, en representación de A.C.M. Sociedade Filarmónica, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 14 de novembro e 13 de decembro de 2019, para a celebración de varios concertos, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

- Concerto de clarinete e piano a cargo de Dario Mariño (clarinete) e Mitra Cotter (piano) o día 14 de novembro.

- Concarto de violín e piano a cargo de Sayka Shoji (violén) e Suzanna Bartal (piano) o día 13 de decembro.

Será a cargo do solicitante o control do aforo da sala solicitada (754 butacas).

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2019/4624

Dáse conta do expediente de contratación CT 112/2018-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar o contrato denominado "Melloras de Mobiliario Urbano no Rural" - Lote 2, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017), cun orzamento de licitación de 79.490,22 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

B12019659 BAYGAR, S.L.

B49280720 BRICANTEL ESPAÑA SL

B85425676 GLOBAL PCH LUGO, SLU

B24572554 GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.

A52502523 OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS, S.A.

B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SL

A mesa de contratación acorda non admitir a xustificación da oferta anormal ou desproporcionada presentada polo licitador Globalia Urbanismo Integral SL. e, consecuentemente, propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento da mesma e a exclusión de dita oferta da clasificación.

Unha vez proposta a exclusión do licitador Globalia Urbanismo Integral SL e aplicados os criterios de adxudicación e valoración fixados nos pregos que rexen a licitación, o resultado da valoración das ofertas dos licitadores é o seguinte:

LICITADOR	PRECIO OFERTADO € (IVA excluído)	Puntuación Oferta económica	MEJORA PLAZO INCREMENTO GARANTÍA (años incrementos ofertados)	Puntuación aumento plazo de garantía	Total puntos
B12019659 BAYGAR, S.L.	4.200,00	43,58	10 años	50	93,58
B49280720 BRICANTEL ESPAÑA SL	5.075,00	25,23	2 años	50	75,23
B85425676 GLOBAL PCH LUGO, SLU	6.076,50	4,23	2 años	50	54,23
B24572554 GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.	3.894,00	50	2 años	50	100 PROPUESTO PARA EXCLUSIÓN
A52502523 OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS, S.A.	5.865,00	8,67	2 años	50	58,67
B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SL	5.022,72	26,33	3 años	50	76,33

De conformidade á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, as puntuacións obtidas son as seguintes, Ordeadas de maneira decrecente:

LOTE 2: - Suministro e instalación de 15 bancos

Orden: 1 CIF: b24572554 Globalia Urbanismo Integral S.L. (Proposto para a súa exclusión da clasificación)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100.0

Total puntuación: 100.0

Orden: 2 CIF: B12019659 Baygar, S.L. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 93.58

Total puntuación: 93.58

Orden: 3 CIF: B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 76.33

Total puntuación: 76.33

Orden: 4 CIF: B49280720 Bricantel España SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 75.23

Total puntuación: 75.23

Orden: 5 CIF: A52502523 OLPRIM INGENIERIA Y SERVICIOS, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 58.67

Total puntuación: 58.67

Orden: 6 CIF: B85425676 Global PCH Lugo, SLU

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 54.23

Total puntuación: 54.23

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Inadmitir a xustificación da oferta anormalmente baixa presentada por GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL SL e a súa conseguinte exclusión da clasificación de ofertas.

2.- A adxudicación do contrato de subministrados denominado "ellora de mobiliario urbano no rural", financiado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017) cun orzamento de licitación de 79.490,22 € (IVE incluído) á seguinte empresa con maior puntuación de acordo coa orde no que quedaron clasificadas as ofertas:

LOTE 2: Subministro e instalación de 15 bancos

CIF: B12019659 BAYGAR, SL, de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación:

- Prezo ofertado: 4.200,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 882,00 €, o que totaliza un importe de 5.082,00 € (IVE 21% incluído).

- Melloras: Incremento do prazo de garantía en 10 anos con respecto ao mínimo fixado no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/4706

Dáse conta do xustificante de gastos realizados pola Fundación Fexdega durante o 1º semestre de 2018, e visto o informe da Intervención Municipal, e atendendo os gastos debidamente xustificadas e descontado o importe dos xustificantes excluídos pola Intervención, o importe correctamente xustificado ascende a 25.351,79€.

A Xunta de Goberno Local acorda

1. Descontar os gastos de telefonía e ADSL da Fundación Fexdega aboados polo Concello por importe de 884,44€ do importe xustificado e proceder ao recoñecemento da obriga por importe de 24.467,35€ con cargo á aplicación orzamentaria 4311-452.
2. Ao tratarse dun expediente presentado fora de prazo, dada a excepcionalidade de que o Concello obten unha contraprestación, como é o usos das instalacións da Fundación FEXDEGA por parte da Fundación de Servizos Deportivos, e polo tanto podería apreciarse un enriquecemento inxusto por parte da Administración, proceder a súa aprobación mediante recoñecemento extraxudicial de competencia plenaria.

PRP2019/4629

De conformidade coa Operación de “Humanización da Rúa Cervantes en Carril” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato de obra aprobado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo Director de Obra, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da Obrigación da seguinte factura e a súa correspondente certificación de obra:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
MONTAJES IGLESIAS, S.L.	Emit- 190915 REG 19/7402	25.900,33 €	134-6190017	Certificación número Cinco “Humanización da Rúa Cervantes”. REG 19/7642.
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Líña de actuación Operación VLG_LA_13_ RECESP, ao Proxecto 2018-2-DUSI-11 e a aplicación orzamentaria 134-6190017.				

PRP2019/4708

Acórdase o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2019/146, por importe de 3.337,84€ coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	data Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2019/ 7394	001- 238	17/09/20 19	576,00	KALANDRAKA EDITORIA, S.L.	Cerráronseme os ollos (9788416721320) / O planeta dos simios (9788416721436) / O segredo do Avó Oso (9788484644262	3321	22001
F/2019/ 7400	EF 190177	16/09/20 19	1.598,04	EDITORIAL GALAXIA, S.A.	ADIOS MARIA (Material para a Biblioteca Municipal. Código Proxecto: 2019-3-SUB-3 DOTACIÓN NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEG	3321	22001
F/2019/ 7580	19IF000179	10/09/20 19	1.163,80	EDICIONS XERAIS GALICIA, S.A	A chave das nozes / A ciencia do dÃa a dÃa / Memoria do silencio / AplicaciÃ³n instantÃªnea / As mulleres da fin do mu	3321	22001
		TOTAL	3.337,84				

PRP2019/4709

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Sanitas S.A. de Seguros correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de outubro de 2019 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 442,70 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.